




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Ría de Ferrol. Concello: Fene, Mugardos, Ares e Cabanas. Parroquia: Santiago de Baralobre no NE.; San Salvador de Maniños na banda central; Santiago de Franxa no NO. e San Xoán de Piñeiro no SO.; San Mamede de Laraxe ocupa o SE.; con moi pouca extensión, en esquinas ao sur, San Vicente de Caamouco e Santa Eulalia de Limodre no extremo sur; e San Xurxo de Magalofes no SE. Extensión: 11,65km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade acantilada que posúe unha chaira intermareal dianteira de largo variable. Agás na parte este da unidade, no resto a vertente de degradación da antiga superficie de erosión litoral é suave –pendente normalmente inferiores ao 10%.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade pertencente ao Dominio da Serie “de Ordes”, composta por materiais precámbrico-silúricos metamórficos de xistos. Hai enclaves de cuarcitas grafitosas e un de metagabros antehercínicos (nos altos de Limodre). Existe un dique de cuarzo en Romariz, e son importantes os depósitos intermareais cuaternarios das enseadas de Maniños e A Barca, no Seixo.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Réxime ombrotérmico Cálido e Subhúmido caracterizado por medias anuais de temperatura por riba de 14°C, oscilación térmica que non supera os 12,5°C e precipitacións acumuladas ao longo do ano entre 1000mm e 1200mm.

OS SOLOS

Unidade de relativa uniformidade edáfica e materiais metamórfico-de xistos con desenvolvemento predominante de solos tipo cambisol eútrico. Aparecen umbrisois dístricos no alto de San Xoán de Piñeiro e nunha banda que segue unha lomba elevada entre Limodre e Barallobre. Tamén aparecen antrosois na costa, nas superficies portuarias e estaleiros.


AS AUGAS

O río Ba é a principal corrente fluvial da unidade, que crea un val transversal con respecto á liña de costa, con dirección xeral SE-NO, ata desembocar no extremo oriental da enseada da Barca. Verte á masa de Augas Costeiras da Ría de Ferrol (20124).

O PATRIMONIO NATURAL

Costa baixa de marisma e chairas intermareais. Ten como hábitats principais os bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais, 1110 e 1140. Estes permiten a aparición de praias de pé de cantís estreitos e con alto contido en materiais finos. É unha costa moi modificada, con estaleiros, peiraos e muros de contención, con cantís que non desenvolven o hábitat típico e teñen un perfil moi transformado. Área interior bastante transformada. O río Ba, achega masas de bosque de ribeira (>10ha) (91E0), algunha delas de certo tamaño. A actividade agrícola reduciu as masas de frondosas autóctonas que, agora, coas ripícolas comezan a recolonizar. Aparecen restos de carballeiras e soutos costeiros (9230-9260), con certo tamaño, como os existentes na costa da Enseada da Barca (10ha). O pequeno arroio de Maniños e as suaves ladeiras próximas achegan tamén rodais dos dous tipos.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O solo desta unidade caracterízase por un uso fundamentalmente agrícola pero altamente fragmentado, xa que a irrupción dun forte proceso de urbanización alterou notablemente a distribución espacial das diferentes actividades que se realizan nel. Os usos agrícolas agora en retroceso altéranse con superficies residenciais, pequenas masas inconexas de bosques mixtos ou vexetación de ribeira vinculada ao curso do Río Ba. No alto de Campo da Arca, na zona suroriental instálase un uso industrial, asociado ao Polígono industrial de Vilar do Colo. Na fronte costeira, aparecen restos de vexetación costeira atlántica, especialmente relacionadas coas formacións de cantil e parte do estaleiro de Izar-Fene.

MORFOLOXÍA

Esta é unha unidade tradicionalmente moi poboada, mediante gran multitude de asentamentos que se distribúen por toda a vertente costeira. Estas poboacións, de mediano tamaño e lineais, están conectadas entre si por unha densa rede de estradas. Na actualidade, o crecemento disperso por todo o territorio deu lugar a un continuo construído de moi baixa densidade e moi expansivo, ocupando unha grande extensión de terreo con tipoloxías de vivenda unifamiliar illada non vinculada a labores produtivos. Pérdense por tanto as relacións xerárquicas entre os diferentes asentamentos, o que contribuíu a estruturar o territorio. Existen dous núcleos que manteñen unha estrutura e tipoloxía característica dos asentamentos rurais da costa Galega, polo que están incluídos nos Núcleos de Identidade do Litoral, estes son O Seixo, situado próximo á desembocadura do Río Ba; O Carril, asentado nas proximidades da praia que leva a súa mesmo nome, conta cuns singulares apeadeiros e A Bouza da Pena.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As vías máis importantes que atravesan a unidade son, a vía de alta ocupación VRG-1.2 e a AP-9, esta última curta o polígono industrial e ten unha saída que comunica coa VRG-1.2 que vén polo leste e atravesa a parte alta do val do Sar até chegar á estación regasificadora de Mugardos, xa fóra desta unidade. As vías AC-133 e a C-3504 que parte da anterior con dirección O Seixo, son as dúas vías que estruturan a unidade lonxitudinalmente respecto da liña de costa. A principal conexión transversal é a C-3501, que parte desde o núcleo de Bouza da Pena situado na fachada litoral e culmina o seu percorrido no núcleo de Camiño Grande no límite da unidade. A rede ferroviaria atravesa a unidade de nordés a sur. O resto da rede viaria que hoxe serven para estruturar o territorio apóianse en camiños, vías e socalcos que xa facilitaban tradicionalmente o acceso ás terras de cultivo e a súa relación cos asentamentos.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Existen numerosos vestixios das etapas da colonización da unidade, entre os que destacan os castros de Prismos, Eixo e Escadas, xunto aos depósitos de Vilar do Colo e Maniños. A presenza dun tramo do camiño inglés, na súa variante de Ferrol, constitúe outro atractivo patrimonial pertencente aos Itinerarios Europeos de Interese Cultural. En canto a patrimonio arquitectónico relixioso, apuntar a igrexa de Barallobre, templo de estilo barroco de mediados do século XVII, a igrexa de Maniños, a igrexa de Santiago de Franza e a igrexa de Limodre, edificio de estilo barroco que posúe unha planta básica de cruz latina. Tamén existe exemplos de arquitectura industrial marítima como o Peirao do Seixo e as Ramplas de Maniños. Atopamos tamén numerosos exemplos de patrimonio etnográfico e arquitectura civil catalogados por todo o territorio, composto por elementos de todo tipo como muíños, cruceiros, fontes, casas tradicionais e edificios administrativos, sobre todo nos núcleos máis tradicionais.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Trátase dunha paisaxe altamente colonizada, cunha rede case continua e moi pouco densa de edificacións illadas que se estende por todo o territorio. Da predominancia do carácter agrícola e pesqueiro que hoxe en día aínda se mantén, serven de exemplo os núcleos do Seixo, O Carril e Bouza da Pena vinculados fortemente ás actividades pesqueiras, pasouse a depender economicamente dos usos industriais, debido á proximidade do estaleiro de Izar-Fene e do Polígono industrial de Vilar do Colo.

DINÁMICA DA PAISAXE

O que antes era un mosaico continuo de pequenas parcelas agrícolas cunha serie de asentamentos periféricos que o organizaba, converteuse agora nun territorio que soporta unha urbanización dispersa de baixa densidade pero de moi alta extensión. Isto débese á dobre dinámica de redución da actividade agrícola e incremento da presión residencial, debido sobre todo á aparición de novos usos industriais. Esta redución do uso agrícola permitiu o incremento da superficie forestal, especialmente na fachada costeira entre Punta Seixo e o areal de Maniños. Para cohesionar todo este desenvolvemento urbanístico e industrial establecéronse no territorio novas infraestruturas que rompen a continuidade da paisaxe.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O elemento de maior interese e que maior fragilidade presenta é a contorna da liña costeira, este conxunto, formado polo areal de Maniños, a franxa de vexetación contigua e os núcleos tradicionais do Seixo, O Carril e Bouza da Pena presentan diferentes texturas e cromatismos que se funden coa paisaxe agrícola do val costeiro e se consolida como unha illa dentro da contorna que enmarca a unidade, composto fundamentalmente por instalacións industriais. A fachada costeira permite a visibilidade de ambas as dúas marxes da Ría de Ferrol. Para a observación da unidade propomos un miradoiro na desembocadura do río Ba que permite contemplar as chairas intermareais e a contorna do núcleo do Seixo.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS






















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Non se contemplan ámbitos de recualificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



